



# CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 647 294  
Email: [educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)

## Campamentos Nadal 2020

### Requisitos:

- Rapazada de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroada.  
Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.  
No caso de superar o número de prazas ofertadas procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 11 de decembro ás 10 horas. Non será posible o acceso libre a este acto polas condicións derivadas no COVID19.

### Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico ([educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)) do **1 ao 10 de decembro. Deberán poñer no asunto campamento Nadal 2020**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude e o impreso de declaración complementaria.
- Realizarase preinscrición para analizar necesidades das familias de cara á conciliación no período de Nadal.
- A execución do campamento e dos servizos asociados estará supeditado ás normativas derivadas do COVID 19 e directrices de seguridade.
- Valorarase individualmente a posibilidade de participación, especialmente no caso de persoas que pertencen a grupos de risco ou que convivan con grupos de risco.
- Previo a formalización da praza de campamento, é obrigatoria a presentación polas familias da declaración responsable onde garantan que durante os 14 días previos á entrada no campamento a persoa participante non ten sufrido tos, fiebre, cansancio, malestar xeral e que non ten estado en contacto con persoa con dita sintomatoloxía.
- Dita declaración tamén incluírá que non se é grupo de risco nin se convive con persoas de risco.



# CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 647 294  
Email: [educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)

---

- As familias deberán cumprir estrictamente todas as condicións e medidas que se lles indiquen como forma de protección da saúde de todas as persoas participantes.
- Reforzaranse as frecuencias de hixienización e a frecuencia de ventilación.

**Servizos ofertados** (supeditado ás autorizacións administrativas que correspondan):

- Campamento de 10:00 a 14:00h.
- Transporte: o servizo funcionará dependendo da normativa de aplicación e das posibilidades de organización.

**Lugar de execución:** Instalación pública do termo municipal

**Datas de execución:** 23, 28, 29, 30 de decembro e 4, 5 e 7 de xaneiro

**Temática:**

**Laboratorio musical**

## A MÚSICA E O MAR

De cara ao período de Nadal, propónse unha actividade lúdico-educativa orientada a complementar a formación ofrecida dende a Escola Municipal de Música de Arteixo.

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada.

Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvolto en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e polo tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado: Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así coma a expresión corporal e musical.



# CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 647 294  
Email: [educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)

---

Nesta ocasión, traballarase como contido transversal, o A MÚSICA E A SÚA RELACIÓN CO MAR. A través dunha metodoloxía vivencia, relacionarase a música coa vida marítima dende diferente puntos de vista: cancións de mariñeiros, os piratas, o son do mar como elemento relaxante...

Destinatarios: 30 nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos.

Datas de desenvolvemento: 23, 28, 29 e 30 de decembro e 4, 5 e 7 de xaneiro

## Temática: CAMPAMENTO NADAL

### UN NADAL DIFERENTE

Serán 6 días inesquecibles para as cativas e cativos do Concello de Arteixo con idades entre os tres e os doce anos, nos que aprenderán a gozar da maxia do Nadal, a revivir costumes e tradicións e aprender a vivir un Nadal diferente, máis ecolóxico e natural, solidario e sostible. Toda unha máxica aventura que non esquecerán. Seis días de Xogos, Obradoiros, Natureza, Valores, Contacontos, Danzas... Transformaremos as datas de vacacións de Nadal nun tempo de Xogo, onde de xeito creativo e dunha forma amena, soñaremos, aprenderemos e riremos todos e todas xuntas para facilitar ás familias das nenas e dos nenos participantes, unha alternativa de conciliación.

Destinatarios: 30 nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos.

Datas de desenvolvemento: 23, 28, 29 e 30 de decembro e 4, 5 e 7 de xaneiro



# CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 647 294  
Email: [educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)

---

## Organización:

- Organizaranse grupos reducidos cumprindo a normativa de aplicación.
- Estes grupos estarán constituídos preferentemente sempre polas mesmas persoas para reducir posibilidades de contaxios.
- As actividades diarias organizaranse según nº de participantes e adaptando os espazos. Optarase por un único punto de execución do campamento con suficiente amplitude para acoller participantes e manter distancias de seguridade.  
No caso de que pola demanda isto non sexa posible, optarase por realizar actividades en distintos centros municipais para facilitar as medidas de alonxamento.
- No caso de executarse de forma centralizada, acotarase espazos que permitan o mantemento de distanciamento entre os grupos e entre as persoas dentro de cada grupo.
- No caso de poder realizarse, tamén se definirán zonas de distanciamento, sistemas de hixienización e zonas de tránsito.
- No caso de que o servizo de transporte non se poida realizar, corresponderá ás familias o traslado da persoa participante nas condicións de seguridade que ao efecto se dicten.
- As familias deberán estar en disposición de recoller á persoa participante de forma inmediata no caso de que así se requira pola organización por razóns de seguridade.
- O Concello de Arteixo resérvase o dereito á reorganización, adaptacións e/ou suspensión de servizos ou actividades si a situación sanitaria así o require.